

**Resolución do 23 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establecen as bases da convocatoria do Programa Acompaña, dirixido a centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que escolaricen alumnado da etapa de Educación Infantil e dos dous primeiros ciclos de Educación Primaria durante o curso académico 2023/24.**

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, recolle entre os seus principios a equidade, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades, tamén entre mulleres e homes, que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade, de acordo co establecido na Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, ratificada en 2008 por España.

No artigo 12 da citada lei determínase que a educación infantil ten como finalidade contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social, cognitivo e artístico do alumnado, así como a educación en valores cívicos para a convivencia. Engadindo que a programación, a xestión e o desenvolvemento da educación infantil atenderán, en todo caso, á compensación dos efectos que as desigualdades de orixe cultural, social e económico teñen na aprendizaxe e evolución infantil, así como á detección precoz e atención temperá de necesidades específicas de apoio educativo.

O artigo 16 da referida lei establece que a educación primaria ten como finalidade facilitar aos alumnos e alumnas as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura e o hábito de convivencia, así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin



de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas e de preparamos para cursar con aproveitamento a Educación Secundaria Obrigatoria. No artigo 19 sinalase, ademais, que nesta etapa poñerase especial énfase en garantir a inclusión educativa; na atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, participación e convivencia; na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.

No seu artigo 120 establécese que as Administracións educativas favorecerán a autonomía dos centros de forma que os seus recursos económicos, materiais e humanos poidan dar resposta e viabilidade aos proxectos educativos e propostas de organización que elaboren, unha vez que sexan convenientemente avaliados e valorados.

A lexislación propia de Galicia afonda neste principio a través da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006.

Un sistema educativo plenamente inclusivo e de calidade será aquel que garanta a atención de cada alumna e de cada alumno segundo a súa realidade persoal e social, o que significa, entre outros aspectos, que as medidas organizativas, as curriculares e a dotación de recursos se adapten ao que cada alumna e cada alumno necesiten.

Para alcanzar esta meta desenvólvese a convocatoria do Programa Acompaña (cofinanciado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional a través do Programa de Educación Inclusiva).

De acordo co anteriormente exposto, esta dirección xeral RESOLVE:

### **Apartado 1. Obxecto**

Esta resolución ten por obxecto:

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN,  
FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES  
Complexo Administrativo San Caetano  
Edificio número 2; Andar 2º  
15781 Santiago de Compostela  
981 546 503  
[dxoie@xunta.gal](mailto:dxoie@xunta.gal) / [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)



1. Regular o desenvolvemento da convocatoria do Programa Acompaña durante o curso académico 2023/24.
2. Establecer o procedemento e os criterios para realizar a selección dos centros participantes, en réxime de concorrencia competitiva.

### **Apartado 2. Ámbito de aplicación**

Este programa vai dirixido ao alumnado da etapa de Educación Infantil e dos dous primeiros ciclos de Educación Primaria dos seguintes centros educativos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades durante o curso 2023/24:

- Escolas de educación infantil (EEI)
- Centros rurais agrupados (CRA)
- Centros de educación infantil e primaria (CEIP)
- Centros de educación primaria (CEP)
- Centros públicos integrados (CPI)

### **Apartado 3. Obxectivos xerais do programa**

1) Actualizar e axustar as medidas de atención á diversidade (organizativas e de recursos) que garantan a educación inclusiva nas primeiras etapas educativas:

- Potenciar o rol do profesorado especialista (PT/AL) e o seu papel na transformación das prácticas docentes e as contornas escolares e adecuar o cociente de apoios que colaboren co profesorado na atención/resposta á diversidade.
- Capacitar o profesorado incorporado ao programa na aplicación das medidas necesarias para a educación inclusiva, favorecendo o desenvolvemento profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e do profesorado especialista en Audición e Linguaxe mediante o acompañamento na súa formación específica.
- Garantir a accesibilidade universal.



- Promover e desenvolver accións colaborativas entre Centros Ordinarios e Centros de Educación Especial.

2) Asegurar unha atención especializada para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo:

- Atender o alumnado que require unha resposta educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades específicas de apoio educativo. De maneira especial a aquelas que manteñen un elevado índice de prevalencia, aínda que menor grao de severidade, e que condicionan a adquisición de aprendizaxes posteriores, así: o atraso madurativo, os trastornos da aprendizaxe, da atención e/ou alteracións na adquisición e o desenvolvemento da linguaxe.

3) Establecer procedementos que garantan a detección precoz e a intervención temperá.

#### **Apartado 4. Requisitos dos centros beneficiarios**

Poderán participar no Programa Acompaña os centros educativos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que durante o curso 2023/24 escolaricen máis de 100 alumnos/as na etapa de Educación Infantil e nos dous primeiros ciclos de Educación Primaria e que cumpran algún dos seguintes requisitos:

- Centros que recollan nos seus documentos ou plans de mellora liñas de actuación ou de traballo en prol da educación inclusiva: deseño universal da aprendizaxe (DUA), programas de estimulación e prevención, apoios especializados no entorno natural do alumnado ou programas de colaboración entre centros ordinarios e centros de educación especial.
- Centros que desenvolvan ou se comprometan a desenvolver plans de formación en educación inclusiva, coa participación de, como mínimo, o 60% da comunidade educativa: docencia compartida, accesibilidade universal, actuacións educativas de éxito, sistemas aumentativos de comunicación, apoios especializados ao servizo das necesidades de todo o alumnado.



- Centros que establezan liñas de comunicación preferente coas familias: espazos, tempos, canles de participación, difusión dos recursos do entorno, proxectos de sensibilización para xerar actitudes de inclusión, apoio e axuda cara todos os compoñentes da comunidade educativa.

### **Apartado 5. Procedemento e prazo de solicitude**

1. A solicitude de participación será realizada pola dirección do centro, segundo os documentos anexos a esta convocatoria.

2. As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PRO04A). A solicitude deberá identificarse coa denominación "Programa Acompaña" e, xunto con ela, achegaranse os anexos asinados.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

3. O prazo de solicitude deste programa comezará ao día seguinte da publicación desta resolución no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>) e rematará o 17 de xullo de 2023.

4. A documentación a presentar será a que figura a continuación:

- Unha única solicitude de participación asinada pola dirección, segundo o modelo establecido no Anexo I desta Resolución. Poderase efectuar a petición dunha persoa especialista en pedagogía terapéutica (PT) ou dunha persoa especialista en audición e linguaxe (AL), en función das necesidades do centro.
- A documentación que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos no apartado 4 desta Resolución.



## **Apartado 6. Compromisos de carácter xeral dos centros**

Os centros docentes beneficiarios do Programa Acompaña comprométense a:

1. Realizar unha correcta aplicación dos recursos persoais que se asignen para o desenvolvemento do programa.
2. Cumprir as instrucións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa referentes á xestión do programa.
3. Xestionar e custodiar a documentación necesaria para a xustificación da súa participación consonte co que estableza a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
4. Enviar a documentación xustificativa da implantación das actuacións do programa que sexa requirida pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, así como facilitar todos os datos necesarios para o seguimento e avaliación do programa. Entre esta documentación estará:
  - A toma de coñecemento do financiamento do programa, asinada tamén polas persoas substitutas, de ser o caso.
  - O certificado de participación.
  - A memoria final.

Todos estes documentos figuran nos anexos II, III e IV desta resolución, respectivamente, e serán remitidos ao Ministerio de Educación e Formación Profesional por parte da Administración educativa de Galicia.

## **Apartado 7. Compromisos de carácter xeral do persoal especialista**

Todas as persoas docentes que desempeñen o seu labor no marco deste programa comprométense a:

1. Desenvolver as súas funcións conforme ao establecido nesta resolución, prestando apoio ás necesidades do alumnado con NEAE nas etapas obxectivo do programa, de acordo coa Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do



alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. Asinar a toma de coñecemento do financiamento do programa.
3. Elaborar e asinar a memoria final do programa en relación ás actuacións realizadas durante o desenvolvemento do programa.
4. Participación nas actividades de formación que a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa considere oportunas para o desenvolvemento das súas funcións.

### **Apartado 8. Actuacións de carácter xeral da Administración educativa**

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, prestará o asesoramento e o apoio necesarios para a implantación do Programa Acompaña, e ofertará formación específica para o persoal docente especialista en pedagogía terapéutica e en audición e linguaxe que desempeñe as súas funcións no marco desta iniciativa.

### **Apartado 9. Dotación do programa**

1. Os centros beneficiarios solicitarán o persoal especialista necesario para cubrir as necesidades detectadas para o curso 2023/24 en relación ao apoio do alumnado con NEAE matriculado nas etapas obxectivo do programa. Poderase solicitar a incorporación ao centro dunha persoa especialista en pedagogía terapéutica ou dunha persoa especialista en audición e linguaxe.
2. O apoio educativo realizarase, preferentemente, de xeito presencial e en horario lectivo, sempre nas etapas mencionadas nesta convocatoria.
3. Destinaranse docentes especialistas en pedagogía terapéutica ou en audición e linguaxe, en función da petición realizada por cada un dos centros beneficiarios e da dispoñibilidade orzamentaria. Este persoal será seleccionado a través das listas de contratación públicas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN,  
FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES  
Complexo Administrativo San Caetano  
Edificio número 2; Andar 2º  
15781 Santiago de Compostela  
981 546 503  
[dxoie@xunta.gal](mailto:dxoie@xunta.gal) / [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)



## **Apartado 10. Criterios de selección**

Os centros beneficiarios deste programa serán seleccionados en función da puntuación obtida en base aos criterios descritos a continuación.

1. Relación entre o número total de alumnado con NEAE no centro educativo e o persoal de apoio dispoñible (PT/AL) no curso 2023/24, atendendo aos datos rexistrados na aplicación web XADE: ata un máximo de 30 puntos.

Asignarase a máxima puntuación ao centro que presente maior relación e unha puntuación proporcional a esta ao resto de centros solicitantes.

2. Porcentaxe de alumnado con NEAE no centro en relación ao alumnado total no curso 2023/24, atendendo aos datos rexistrados na aplicación web XADE: ata un máximo de 15 puntos.

Asignarase a máxima puntuación ao centro que presente maior porcentaxe e unha puntuación proporcional a esta ao resto de centros solicitantes.

3. Centros situados en concellos rurais de menos de 5000 habitantes: 5 puntos.
4. A puntuación máxima alcanzada poderá ser de 50 puntos, resultado da suma da puntuación obtida en cada un dos apartados anteriores, axustada á centésima máis próxima.
5. No caso de existir igualdade na puntuación obtida entre dous ou máis centros, seleccionarase aquel centro con maior puntuación en cada apartado dos criterios expostos, segundo a orde establecida anteriormente. No caso de persistir a igualdade, os centros coa mesma puntuación ordenaranse por orde de recepción das solicitudes.

## **Apartado 11. Procedemento de selección**

Revisadas as solicitudes presentadas, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades seleccionará aqueles centros que cumpran cos requisitos establecidos no apartado 4, segundo a puntuación obtida tendo en conta os criterios de selección descritos no apartado 10.





## **Apartado 12. Comisión de selección, coordinación e seguimento**

1. Baixo a presidencia da persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación, Inclusión e Innovación Educativa constituirase unha comisión de selección, coordinación e seguimento do Programa Acompaña. Entre as funcións desta comisión estarán as seguintes: valorar as solicitudes presentadas, coordinar as actuacións para a posta en marcha do programa, prestar atención aos centros e xestionar a documentación xustificativa requirida en cada caso.

A comisión estará integrada pola persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación Educativa, os/as inspectores/as xefes/as do Servizo Territorial de Inspección Educativa, a persoa titular da xefatura do Servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia, e unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actuará como secretaria, con voz e sen voto. As persoas subdirectoras poderán ser substituídas por xefes/as de servizo, de ser o caso.

2. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha comisión técnica, integrada por persoas asesoras do Servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia, para os efectos de elaboración de documentos e informes sobre o proceso de selección.

3. A percepción de asistencias destas comisións atenderá á categoría correspondente segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

## **Apartado 13. Resolución provisional**

1. Unha vez finalizado o proceso de selección, a resolución provisional dos centros beneficiarios do programa será publicada no portal educativo: <https://www.edu.xunta.gal/portal/>.

2. Despois desta publicación, abrirase un prazo de 3 días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias ante a presidencia da comisión, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución provisional.



#### **Apartado 14. Resolución definitiva**

1. A comisión de selección, coordinación e seguimento valorará as reclamacións e renuncias recibidas e elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que resolverá definitivamente sobre os centros seleccionados.
2. A resolución definitiva dos centros seleccionados publicárase no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>).
3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **Apartado 15. Seguimento e avaliación do programa**

A comisión de selección, coordinación e seguimento realizará as actuacións que considere necesarias para o seguimento e a avaliación do programa. Así mesmo, a Inspección Educativa supervisará, dentro das súas competencias, o seu correcto funcionamento.

#### **Apartado 16. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.



O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito nesta norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

